

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA curso 2019/2020

A programación completa da materia cos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave, están a disposición dos membros da comunidade educativa en Dirección.

Procedemento de avaliación

Faremos unhas probas das unidades didácticas (despois de cada unidade). No caso de non superar a materia nunha avaliación, realizarase unha proba de recuperación na seguinte avaliación e entregaranse os traballos suspensos pendentes, a nota máxima será un 5.

Haberá unha proba final de curso para o alumnado que non acade o aprobado na media aritmética das tres avaliacións, a referencia para a citada proba serán os indicadores de “grao mínimo de consecución para superar a materia” que aparecen nas páxinas seguintes deste documento.

A cualificación na avaliación final ordinaria será a media das tres avaliacións (ou da recuperación se é máis favorable) e o redondeo será á alza. De non superar o 4,5 terá que facelo na convocatoria de setembro.

A avaliación final extraordinaria será unha proba escrita adaptada a unha hora de realización, en base aos indicadores do “grao mínimo de consecución para superar a materia”.

O alumnado que faga un exame ou traballo fraudulento terá un 0 e non terá dereito a repetir a proba, nin presentar de novo ese traballo.

Seguimento e avaliación de pendentes Os venres, no primeiro período de lecer, a xefa de departamento atenderá ao alumnado que o precise. Para superar a materia disporán dunhas fichas (40% da nota) e unha proba por trimestre (60%), de non superar a por partes, farase unha proba escrita final no mes de maio de toda a materia.

<u>Instrumentos de avaliación</u>	Ponderación
A valoración dos contidos conceptuais farase a partir das probas escritas ou orais. Cada proba terá, como cuestións, actividades similares ás feitas na clase, contidos conceptuais das unidades didácticas e vocabulario.	60% da nota total
Lectura de libros e proxección de películas (fragmentos) na aula ou recomendadas fóra da aula. Realizaranse fichas do tema tratado neles.	10% da nota total
Rúbricas de traballos en grupo ou individuais: Terase en conta a calidade dos textos e das ilustracións, a variedade das fontes, o rigor científico, a entrega no prazo indicado, a capacidade de análise e síntese, a capacidade crítica, a participación no grupo, de ser o caso, a capacidade discursiva da exposición e o correcto uso da lingua.	20% da nota total
Actitude e comportamento social: Valorarase a asistencia regular e puntual ás clases. Tamén se valorará a actitude activa e comprometida na clase así como que se teña sempre na clase o material necesario.	10% da nota total

TEMPORALIZACIÓN 2019/2020				
AVALIACIÓNS	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
1ª	Temas 1 ao 4	Temas 1 ao 4	Temas 1 ao 4	Temas 1 ao 4
2ª	Temas 5 ao 8	Temas 5 ao 7	Temas 5 ao 8	Temas 5 ao 8
3ª	Temas 9 ao 11	Temas 8 ao 11	Temas 9 ao 12	Temas 9 ao 12

PRIMEIRO DA ESO

UNIDADE 1	A TERRA E ASÚA REPRESENTACIÓN
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
B1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta.	Explica os movementos de rotación e translación. Interpreta como inciden os raios solares no movemento de translación nos hemisferios orixinándose as estacións
B1.1.2. Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas.	Busca e identifica diferentes lugares da Terra, segundo a hora que teñen, en función do fuso horario que lles corresponde; transcribe os datos e exponos correctamente.
B1.2.1. Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters	Busca información e identifica diferentes formas de representar a Terra mediante distintos tipos de mapas e distintas proxeccións; é capaz de describilas correctamente e de comparar as súas características.
B1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características.	Busca información e identifica diferentes lugares no planisferio, describindo a súa situación no hemisferio correspondente; relacionándoo de forma razoada coas liñas e zonas terrestres nas que se atopa.
B1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	Interpreta gráficas e utiliza ferramentas dixitais para localizar lugares na Terra, segundo as súas coordenadas xeográficas, describindo a súa situación.

UNIDADE 2	O RELEVO TERRESTRE
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
<p>B1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características.</p>	<p>Busca información e identifica os continentes, os océanos, as placas tectónicas e as grandes cordilleiras no planisferio; e describe as características de cada un.</p>
<p>B1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.</p>	<p>Interpreta gráficas e utiliza ferramentas dixitais para localizar nun mapa lugares na Terra, segundo as súas coordenadas xeográficas, describindo a súa situación.</p>
<p>B1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.</p>	<p>Localiza e sitúa nun mapa físico mundial continentes, océanos e mares, illas, arquipélagos, ríos e cadeas de montañas de forma autónoma.</p>
<p>B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.</p>	<p>Identifica problemas ambientais que modifican o relevo; busca información sobre eles en medios impresos e dixitais e descríbeos.</p>

UNIDADE 3	AS AUGAS
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
<p>B1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.</p>	<p>Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais.</p>
<p>B1.7.1. Explica as características do relevo europeo.</p>	<p>Busca información e explica as características dos ríos, dos lagos, e das augas mariñas de Europa.</p>
<p>B1.8.1. Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo.</p>	<p>Busca e identifica, con axuda dun mapa físico, os ríos, os lagos e as augas mariñas de Europa.</p>
<p>B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.</p>	<p>Coñece e explica como se presenta a auga na Terra e o ciclo da auga. Busca información e explica como afecta a contaminación ás augas dos ríos e dos mares. Entende que a acción do home afecta o medio ambiente e describe e explica algunha das súas consecuencias relacionadas coa construción de presas nos ríos.</p>

UNIDADE 4	O CLIMA
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
B1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes.	Comprende e interpreta información de documentos escritos e imaxes e describe as capas da atmosfera, os factores que afectan á temperatura e ás precipitacións, a presión atmosférica e o vento, e relaciónaos cos conceptos de tempo e clima. Clasifica os diferentes climas da Terra e elabora climogramas e mapas.
B1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os distintos tipos de clima de Europa.	Busca e identifica nun mapa diferentes zonas climáticas da Terra e clasifícaaas en zonas cálidas, zonas temperadas e zonas frías.
B1.9.2. Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente.	Busca información, clasifica e identifica nun mapa as zonas cálidas, as zonas temperadas e as zonas frías.
B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	Comprende a información sobre a importancia do clima, das catástrofes climáticas e da influencia humana na vida do planeta, expón a relación entre a actividade humana e os problemas ambientais con claridade e precisión.

UNIDADE 5	AS PAISAXES DA TERRA
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
<p>B1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características.</p>	<p>Busca información e localiza diferentes espazos xeográficos no planisferio describindo a súa situación e identificando as súas características coas do hemisferio da Terra no que se atopan.</p>
<p>B1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes.</p>	<p>Identifica os climogramas, sabe o que son e é capaz de interpretalos e confeccionalos sen axuda.</p>
<p>B1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa.</p>	<p>Interpreta mapas e gráficos de forma autónoma, identificando os espazos bioclimáticos.</p>
<p>B1.9.2. Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente.</p>	<p>Analiza, compara e describe os elementos propios da paisaxe e do clima e entende e explica a relación que hai entre eles.</p>
<p>B1.10.1. Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais.</p>	<p>Localiza en mapas as zonas bioclimáticas, sinalando o tipo de paisaxe e describe as características do clima que corresponden a cada zona.</p>
<p>B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.</p>	<p>Comprende a información recollida en Internet e en medios impresos sobre problemas ambientais; expón e utiliza a adecuadamente nos seus traballos.</p>

UNIDADE 6	ATLAS DOS CONTINENTES
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
B1.2.1. Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters.	Sabe utilizar un atlas e localizar información. Distingue distintos tipos de atlas e compara un atlas en papel cun dixital.
B1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.	Sitúa, localiza e identifica nun mapa físico diferentes unidades do relevo de forma autónoma.
B1.7.1. Explica as características xerais do relevo europeo.	Incorpora de forma correcta a exposicións orais e/ou escritas a información sobre os principais accidentes do relevo europeo, cita os principais e describe as súas características.
B1.8.1. Localiza no mapa as unidades e elementos principais do relevo europeo.	Busca e identifica nun mapa físico as principais unidades e elementos do relevo europeo.
B1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa.	Busca información, clasifica e localiza nun mapa físico as zonas climáticas europeas.
B1.9.2. Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente.	Busca información e localiza nun mapa físico as zonas bioclimáticas europeas.
B1.10.1. Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais.	Sitúa, localiza e identifica nun mapa físico os principais espazos naturais de Europa. Compara o mapa político e o mapa físico de Europa.
B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	Comprende a información recollida en Internet e en medios impresos sobre o medio ambiente e os espazos protexidos; expón e utiliza a adecuadamente nos seus traballos.

UNIDADE 7	A PREHISTORIA
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
B3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais.	Comprende a información e entende que os restos materiais e textuais son fontes necesarias para coñecer e escribir a historia. É capaz de analizar e expor exemplos sobre restos materiais e textuais.
B3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	Comprende a información sobre os feitos históricos e escribe por orde as súas características fundamentais. Utiliza a información que posúe e explica textualmente como era a forma de vida durante cada período.
B3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	Entende os termos aprendidos e é capaz de engadilos aos traballos e exposicións que realiza na clase.
B3.8.1. Realiza diversos tipos de eixos cronolóxicos e mapas históricos.	Representa, de forma autónoma, en eixos cronolóxicos os períodos, as especies que se sucederon, os inventos e descubrimentos que se produciron.
B3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.	Comprende a información e é capaz de identificar e enumerar as etapas da prehistoria, de entender a súa evolución e recoñecer os feitos que marcan o comezo e o final da mesma.
B3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga.	Identifica e distingue as distintas etapas da prehistoria.
B3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.	Comprende a información e identifica, compara e explica as características básicas da vida no Paleolítico e no Neolítico; sinalando as diferenzas. Identifica as características da prehistoria no territorio de Galicia.
B3.9.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela.	Comprende a información sobre a vida das mulleres na prehistoria e explica cal era o seu papel.
B3.10.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da “deusa nai”.	Le e comprende información textual sobre os obxectos dos primeiros ritos relixiosos como os da deusa nai, e elixe os datos que necesita para recoñecer as funcións da Venus no Paleolítico, da deusa nai no Neolítico, das posturas dos defuntos, etc.
B3.12.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).	Identifica distintos tipos de fontes históricas e é capaz de describir correctamente as diferenzas entre fontes prehistóricas e fontes históricas.

UNIDADE 8	AS CIVILIZACIÓNS FLUVIAS: MESOPOTAMIA E EXIPTO
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
B3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	Comprende a información e é capaz de identificar e enumerar as fontes históricas, de entender a súa importancia e recoñecer a relevancia do papiro.
B3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	Busca información sobre feitos históricos e sobre personaxes relevantes e ordénaa temporalmente utilizando para iso nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. Interpreta de forma autónoma liñas do tempo.
B3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	Le e comprende información textual sobre as primeiras civilizacións e os seus enclaves xeográficos e elixe os datos que necesita para situalas nun mapa.
B3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	Entende os termos aprendidos e é capaz de engadilos aos traballos e exposicións que realiza na clase.
B3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga.	Identifica as distintas etapas da Idade Antiga e represéntaa, de forma esquemática. Comprende a información que posúe e explica algunha característica da vida humana neste período.
B3.11.1. Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os diversos imperios de Mesopotamia e de Exipto.	Comprende a información e identifica, compara e describe as formas de organización socio-económica e política de Mesopotamia e de Exipto; sinalando as diferenzas.
B3.12.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais, ágrafos) e as fontes históricas (textos).	Identifica distintos tipos de fontes históricas e é capaz de describir correctamente as diferenzas entre os ideogramas chineses, os xeroglíficos exipcios ou o alfabeto fenicio e explicar en que consisten.
B3.13.1. Interpreta un mapa cronolóxico e xeográfico da expansión exipcia.	Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia e é capaz de explicalo correctamente.
B3.13.2. Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto	Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia e é capaz de explicalo correctamente.
B3.14.1. Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén.	Busca información e identifica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén. Coñece e describe os principais elementos que utilizaban.
B3.14.2. Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio.	Coñece os principais deuses exipcios e describe os seus atributos e os seus símbolos de forma autónoma.
B3.15.1. Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica.	Identifica os principais exemplos das construcións exipcia e mesopotámica, explicando as semellanzas e as diferenzas.

UNIDADE 9	A CIVILIZACIÓN GREGA
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
B3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época..	Entende os termos aprendidos e é capaz de engadilos aos traballos e exposicións que realiza na clase.
B3.16.1. Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos.	Comprende a información e é capaz de identificar e enumerar diferentes polis gregas, de entender a súa importancia e describir os distintos trazos da súa orixe e da súa evolución socio-política e económica.
B3.16.2. Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais.	Coñece as características fundamentais da democracia grega. Comprende a información que posúe, explica as súas características e sinala algunha das súas diferenzas coas democracias actuais.
B3.17.2. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo.	Comprende a información que obtén sobre as colonias gregas, localízalas nun mapa histórico e enumérasas.
B3.18.1. Elabora un mapa do Imperio de Alexandre.	Interpreta e elabora un mapa do Imperio de Alexandre Magno e é capaz de explicalo correctamente.
B3.18.2. Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co Imperio de Alexandre Magno.	Comprende a información sobre as formas de goberno de Atenas e a de Esparta e explica cales son as súas diferenzas.
B3.19.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.	Identifica e explica as características esenciais da arte grega, explicando as semellanzas e as diferenzas entre os distintos estilos e a súa evolución no tempo.

UNIDADE 10	A CIVILIZACIÓN ROMANA
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
B3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.	Comprende a información sobre o legado dos romanos e enumera exemplos que sobreviven na actualidade relacionándoos co pasado da Hispania romana.
B3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	Comprende a información que posúe dalgúns feitos históricos da antiga Roma, ordénaos temporalmente utilizando nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade e represéntaos nunha liña do tempo.
B3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	Entende os termos aprendidos e é capaz de engadilos aos traballos e exposicións que realiza na clase.
B3.20.1. Confecciona un mapa coas distintas etapas da expansión de Roma.	Comprende a información que posúe e interpreta mapas cos distintos territorios polos que se estendeu o Imperio romano. É capaz de confeccionar un mapa sen axuda.
B3.20.2. Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga.	Coñece as características fundamentais das formas de vida e dos gobernos das distintas etapas da historia de Roma. Comprende a información que posúe, explica as súas características e sinala algunha das diferenzas entre as distintas etapas.
B3.21.1. Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana.	Identifica e explica as características esenciais das obras arquitectónicas e escultóricas grega e romana, explicando as semellanzas e as diferenzas entre os distintos estilos a partir de dous exemplos concretos.
B3.22.2. Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade.	Comprende a información sobre o legado dos romanos e enumera exemplos que sobreviven na actualidade relacionándoos co pasado da Hispania romana.
B3.22.3. Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos.	Comprende a información recollida en Internet sobre a romanización e sobre os principais romanos, expón e utilízaa adecuadamente nos seus traballos.

UNIDADE 11	O TERRITORIO DE ESPAÑA E DE GALICIA NA ANTIGÜIDADE
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
B3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.	Comprende a información sobre o legado da Antigüidade e enumera exemplos que sobreviven na actualidade relacionándoos co pasado.
B3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	Comprende a información que posúe dalgúns feitos históricos sobre as etapas da conquista romana en Hispania, ordénaos temporalmente utilizando nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade e represéntaos nunha liña do tempo.
B3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	Busca información sobre a existencia de diferentes pobos, as súas características e as súas obras e elixe os datos que necesita para describilas.
B3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	Entende os termos aprendidos e é capaz de engadilos aos traballos e exposicións que realiza na clase.
B3.17.1. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo.	Coñece as características fundamentais das colonizacións fenicia, grega e cartaxinesa. Comprende a información que posúe, define as súas características e sinala algunha das súas diferenzas coa actualidade.
B3.22.1. Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana.	Comprende a información que obtén dos mapas para analizar a conquista romana, enumerar as fases da mesma, describir as provincias nas que se dividiron os territorios e nomear as cidades máis importantes en cada unha delas.
B3.22.3. Entende que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos.	Comprende a información que obtén sobre a romanización de Hispania en diferentes aspectos e expón e utiliza adecuadamente nos seus traballos.